

## XOSÉ BALLESTEROS DIRECTOR DA EDITORIAL KALANDRAKA

Non hai fórmulas máxicas en Kalandraka, di Xosé Ballesteros. "O que hai é un equipo de profesionais, moito traballo e anos de experiencia", explica o director da editorial. "Por iso son optimista". Respalda a súa confianza o Premio Nacional á Mellor Labor Editorial, un fito en Galicia e nos selos infantís. O alcalde de Pontevedra felicitarao hoxe no nome da cidade.



BELÉN LÓPEZ

[blopez@diariodepontevedra.es](mailto:blopez@diariodepontevedra.es)

"SÍNTOME un pouco como o personaxe de Roberto Benigni na última película de Woody Allen", bromea Xosé Ballesteros (Vigo, 1956). En 'A Roma con amor', Benigni interpreta a un tipo ao que a fama lle chega de súpeto e a sobredose de atención mediática o deixa aturdido. E é o que en Kalandraka foi un non parar dende que a semana pasada o secretario de Estado de Cultura, José María Lasalle, lles comunicou por teléfono que viñan de gañar o Premio Nacional á Mellor Labor Editorial. "Foi unha tremenda alegría, máis que nada por inesperada. Non sabiamos nin que se fallaba". A repercusión do galardón tamén pillou por sorpresa ao equipo, acostumado sen embargo a recoñecementos do máis alto nivel (acumulan preto

dunha ducia de Premios Nacionais, entre os de Edicións e de Ilustración). "Pero é que esta é a máxima distinción á que se pode aspirar como empresa editorial en España. Non hai máis". É un fito, non só en Galicia, que tamén, senón entre os selos especializados en literatura infantil. E o proxecto editorial posto en marcha o 2 de abril (Día Internacional da Literatura Infantil e Xuvenil) de 1998 en Pontevedra por un grupo de persoas vinculadas ao mundo do ensino non remata aquí. "Para nada. De feito temos aí un proxecto novo... Teredes novas moi pronto".

### **Xa non saberán onde colocar tanto diploma e tanto premio.**

Iso onde se coloca é na capa dos libros e nos catálogos. Nin máis nin menos. Nós non traballamos para recibir premios. Sabes o que é unha recompensa? Ver a un cativo lendo un libro teu no outro lado do mundo. Iso si que che fai unha ilusión tremenda. Non hai quen o pague.

### **Pero recoñecerá que este galardón vén culminar dalgunha maneira a traxectoria da editorial.**

Claro que si. Non podemos a aspirar a nada máis. Para nós foi como, tras anos escalando, acadar o cume dun 8.000. Agora o que toca é continuar co mesmo plan estratéxico, manter a coherencia, pero sabendo que aumentou considerablemente a responsabilidade.

### **Cambiaron moito os obxectivos da editorial?**

O que cambiou foi o contorno de maneira impredecible. Un dato: en 2008 chegamos a facturar máis de dous millóns de euros. Foi o noso punto álxido. Dende entón mantémonos aí. E facémolo mentres arredor se derruban empresas que xamais imaxinamos que veríamos desaparecer. Por exemplo, A Nosa Terra, todo un referente.

### **O premio chega nun intre crítico.**

Si, pero non para nós en particular. A crise pillou a Kalandraka cunha certa fortaleza: tiñamos xa un nome e un equipo moi sólido de

traballo. Esa fortaleza, digamos que xuvenil, que ao fin e ao cabo somos unha empresa adolescente, foi a que nos permitiu manter rumbo fixo neste mar de incertidumes e confusión. Imos ver que pasa no futuro, porque a tormenta continúa. E nós navegamos en moitos mares.

### **Pero o timón manéxase en Monte Porreiro como o primeiro día.**

Que queres que che diga? En Monte Porreiro apárcase moi ben e temos moi boas vistas. Podemos traballar mirando o Mosteiro de Léziz (ri). Pontevedra é o lugar no que naceu este proxecto e nós sentímolos profundamente de aquí. Así nolo recoñeceu a propia cidade, entregándonos o seu premio máis importante [o Cidade de Pontevedra en 2007]. Sentímonos ben en Pontevedra. Polo mesmo sentimos ao Diario o noso medio máis próximo, porque é o noso veciño e porque foi o que nos viu nacer e nos seguiu dende o primeiro día ata hoxe. E polo mesmo seguimos traballando cunha imprenta de Poio, porque nos gusta ir alí e manter un contacto directo coa xente que fai os nosos libros, estar a pé de obra e comprobar que son capaces de sacar do prelo volumes recoñecidos a nivel internacional. Isto pódese facer. Nós defendemos que se poden facer cousas importantes en Pontevedra. E dende Monte Porreiro. Para moitos será periferia. Para nós é o centro do mundo.

### **E como son as relacións coa súa veciña OQO [formada por xente saída da propia Kalandraka e instalada tamén en Monte Porreiro]?**

Nós procuramos manter relacións profesionais e cordiais con todas as editoriais galegas, sexan ou non de Pontevedra, sexan ou non de literatura infantil. Máis nada.

### **Que condicións ten que reunir unha obra para que a saque Kalandraka?**

A fórmula máxica...

## **Exacto. O segredo do éxito.**

É complexo. O primeiro é o texto, que ten que superar varias lecturas e reunir unha serie de condicións: emocionar, divertir e/ou ofrecer unha nova ollada sobre un asunto. Despois hai que dar co ilustrador máis apropiado. Logos están as reedicións: hai obras imprescindibles que deben recuperarse para mantelas vivas por diferentes motivos. Un exemplo: 'Rosa caramelo', de Adela Turín, agora que tanto se fala de segregación nas aulas. Un terceiro pilar sería a experimentación. E, por suposto, está a clave final: que o resultado sexa un obxecto fermoso. Non hai ningunha fórmula máxica. En todo caso hai varias.

## **Á literatura infantil hai que darlle de comer aparte dentro da industria editorial?**

Uf, tamén é un tema complexo. Hai autores que venden moito porque os seus libros están nos plans de estudos ou entre as lecturas obrigatorias dos centros. Hai mesmo mercados cautivos, nomeadamente os colexios relixiosos, onde só se len libros de editoriais afíns. Despois está a literatura infantil que está nas librerías das bibliotecas, sen ter detrás ningún tipo de presión. Xogamos en ligas diferentes. Se ao idioma galego lle vai mal, e vaille mal, ás editoriais en lingua galega tamén lles vai mal. E se desaparecen os recursos públicos para fornecer ás bibliotecas, vainos peor. Así que estamos nunha situación crítica derivada de decisións políticas.

## **Decisión política tamén foi non estar no Liber ou en Frankfurt cun stand do libro galego. Kalandraka vai pola súa conta.**

Nós vímonos obrigados dende o principio a ir ás feiras internacionais cun posto propio, porque o colectivo non cubría as nosas necesidades para eventos desa relevancia. Isto é unha carencia histórica. Nin sequera en momentos de bonanza Galicia estivo representada como pode estalo, poñamos por caso, Quebec. É unha eiva grave da nosa literatura. Neste sentido, os discursos institucionais sobre o libro galego son absolutamente hipócritas. Aos feitos me remito.

**Pero repítese con frecuencia ese argumento de que "a cultura non debe ser subvencionada".**

Quen fala diso? As bibliotecas teñen que ter recursos para mercar libros o mesmo que os hospitais teñen que ter gasas para atender aos pacientes, ou non? Subvención tamén é darlle cartos a Citroen para que saque un modelo coa palabra 'Galicia' escrita no coche.

**Vén de pedirlle José Manuel Lara ao ministro Wert que se lle aplique o IVE do 4% tanto ao libro en papel como ao ebook e que se vixie con máis rigor o pirateo dixital. Vostede que lle pediría?**


Pois estou de acordo con esas dúas cuestións, aínda que o tema do pirateo creo que é complicado. Resérvome o que eu lle diría ao ministro. Non procede.

**É vostede un editor optimista?**

Absolutamente optimista. Son crítico porque a realidade se impón e porque vivimos instalados nunha crise. Pero os que saímos de abaixo, que non sabemos o que é ter un gran capital detrás, que do que sabemos é de reinvestir os beneficios no propio negocio, somos optimistas. Sabemos que o máis difícil está feito. Mentres haxa lectores, só podo ser optimista.

## Bibliografía básica de Kalandraka

### 'O coelliño branco'



"Do ano 1999. Foi o primeiro dos nosos libros que recibiu un Premio Nacional (de Ilustración para Óscar Villán). Convertiuse na nosa carta de presentación, serviu para que se empezase a falar de nós. Aquel ano comezamos a publicar en castelán e despois foi todo seguido. Nada diso tería pasado sen 'O coelliño branco'".

### 'A que sabe a lúa?'




"O noso best seller. Ando cun volume que leva na capa escrito que superou os 100.000 exemplares e é de hai varios anos. Seguimos facendo reimpresións anuais de 6.000 exemplares en castelán e de 3.000 en galego. O noso súper vendas con diferenza. Segue a ser o libro máis vendido de Kalandraka en todas as linguas".

## 'Cerca'



"'Cerca' é un libro moi especial para nós porque foi o primeiro que gañou o Premio Compostela de Álbum Ilustrado, que foi un certame posto en marcha por Kalandraka en colaboración co Concello de Santiago de Compostela e polo que seguimos apostando ano tras ano. A esta historia é a unha das que lle temos máis agarimo".

## 'A coelliña Marcela'




"A nosa relación con Esther Tusquets nos últimos anos da súa vida foi moi intensa. Chegou a ser xurado do premio Compostela. Ela quería volver editar este texto, que fora publicado orixinalmente hai moitos anos, con outras ilustracións. Foi unha honra ocuparnos deste encargo".

## 'Titiricircus'



"Este é un libro moi experimental co que queremos facerlle unha homenaxe ao teatro galego de monicreques e, en particular, á traxectoria de Tanxarina. En 'Titiricircus' houbo que facelo todo de cero: dende a concepción inicial do proxecto, á narración lineal da historia e o deseño final".

## 'Rosa Caramelo'



"Foi publicado orixinalmente en 1976 e segue sendo tan actual que fomos buscalo para reeditalo. Agora que se fala con tanta lixeireza da segregación nas aulas, unha polémica que se pensaba superada, convén botarlle un ollo a esta historia de Adela Turín. Recomendaríallo encarecidamente ao ministro Wert".